

branza do día no que desapareceron para sempre. Nunca me interesou averiguar quen o fixo e quen tivo a piedade de deixarme unha, só unha daquelas cunchas caprichosas. A miña tía estudiba Bioloxía na universidade de Compostela e coleccionábaas. Pero esa única caracola, ese corniño máxico, salvoume a vida, ou así o quero pensar, porque a través dela conecteime coa raíz ingrávida da fortaleza e da temperanza. Sei que á outra beira estaba Lidia axudándome, expandindo no me oído o rumor do mar coas súas membranas segredas e a súa furia cicatrizante. Foi o meu amuleto, o meu talismán querido, e aínda o segue sendo. Aínda hoxe continúa salvándome.

Cando viñamos cara ao hospital pedinlle ao meu compañeiro que afrouxase a velocidade, que máis vale perder dous minutos na vida e todo iso. Estaba asustado, cabreado polo tráfico, superado polas esperas intermitentes, algo que é raro nel, porque ás veces dá mostra dunha serenidade exhibicionista, case pluscuamperfecta, que non me gusta nada. Eu sabía que íamos chegar a tempo. Levaba a buquina no bolso e o tacto das súas enrugadas devolvíame aos areais da calma

Teño 28 anos e onte dei a luz unha nena que se vai chamar Lidia, un nome despoñado de melancolía que ten moitas vidas posibles. Cando a suban da incubadora heille poñer a caracola nas súas orellas mínimas. Será a primeira vez que escoite o mar.



Lidia á outra beira

Xavier Lama

A lei de Murphy

1 3
2 4

ACABA A CARREIRA
www.stopaccidentes.org

* idea orixinal de Xosé Rodríguez Martínez,
gañadora do I concurso de iniciativas
Universitarias 2006

deseño gráfico a cargo de Stop Accidentes

Debía herdar un nome e unha colección de caracolas, pero quizais os meus pais optaron por liberarme desa cadea invisible que puido atarme a unha memoria tan esgazada coma enternecedora. Sei que agora lles chaman buguinas ou cornechas, pero eu prefiro repetir o nome que escoitei sempre na casa: caracolas. Esquivei o nome de Lidia e acabei por chamarme Helena coma quen esquivava un estigma, unha marca ou unha premonición. Sucedeu así porque a miña nai negouse a que eu fose un espello para sempre... quero dicir que non consentiu que levase o nome da tía morta. Para meu pai era, supoño, un intento paradoxal de redimirse do seu sentido de culpa, pero a miña nai non transixiu. Negouse en redondo.

Agora aquí, nesta cama de hospital, baixo a luz deconsolada dun fluorescente ruidoso coma unha abella teimuda, penso no que debeu sufrir. Refírome a Eliseo, ao meu pai, tan pantasmal ás veces e tan tanxible. Foron anos nos que eu vía nos seus ollos, igual ca nun fundido encadeado multirreincidente, os rostros converxentes da tristura. Pero o que máis me conmove é a súa invocación permanente á vida, a súa sabedoría para o disfraz, para proxectar sobre nós un alento de optimismo case obsceno mentres o pasado lle doía por dentro. Sei que a partir de agora terá que disimular algo menos esa mágoa fonda, porque cada nova vida neutraliza en certa medida os ecos da morte. Ou algo así di o meu home.

Por dous minutos. Quizais por menos. Por menos de dous minutos. Por gañalos nunha mañá que parecía predestinada á complicidade cos amigos da cuadrilla, o resul-

tado foi dous mortos. Un, a miña tía Lidia, que chegou xa cadáver ao hospital. O outro é o meu pai, que continuou vivindo un simulacro perfecto todos estes anos, aínda que perseverando na outra beira, na dos seres que senten nostalgia da xustiza poética e quixeran redimirse do mal causado a outros cun final expeditivo que borrara os xermolos invasores da culpa. Foi en maio de 1977. Pouco antes do 15-X, o día das primeiras eleccións democráticas despois da ditadura. Tempo de liberdade sen ira, de venceremos nós, de albiscar as praias intuídas do futuro. **Estou a contar a historia dun accidente de tráfico que para os demais só é un número nunha estatística, pero que ten vida propia na xeografía invisible e universal da dor... Todo por chegar uns minutos antes.** Iso é o que repetía meu pai, como quen recita a letanía dun insomne, cando se lle abría a cicatriz daquela mañá de maio.

Ían a unha voda no coche do meu avó e era el, Eliseo, o meu pai, quen conducía. Casaba un amigo de ámbolo dous, un rapaz do grupo, e a noite anterior demorárase entre os xogos rituais da despedida de solteiro. Papá ergueuse tarde, el dicía que coa cabeza escorregando polo tobogán da resaca, e saíron con retraso da casa. Corría algo máis da conta e saltou aquel ceda o paso. En realidade, saltou chanzos, estacións, esclusas, anos polos que o futuro viaxa cara a un pasado conxelado para sempre. **Aquel ceda o paso...**

Eu nacín dous anos despois, no 79, e empéñome en dicir que estaba destinada a herdar, ademais do nome de Lidia, a colección de caracolas ou buguinas da tía. Tería catro ou cinco anos e manteño tatuada na memoria a lem-